

OBRADOIRO LITERARIO PARA OS RAPACES E RAPAZAS DA ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES

(Facultade de Psicoloxía de Santiago de Compostela, do 26 de abril ao 29 de xuño de 2008)

María do Cebreiro Rábade Villar

1. LITERATURA E IDENTIDADE. O principal obxectivo desta sesión, de carácter introdutorio, é fomentar un proceso de traballo colectivo sobre a expresión da propia identidade. Trátase, xa que logo, de achegarlles aos rapaces e rapazas ferramentas que lles permitan recoñecerse e compartir verbalmente cos demais o que saben de si mesmos. Para iso partiremos de pequenos exercicios orais e escritos nos que poidan expoñer os seus gustos, as súas emocións, os seus coñecementos e os seus valores.

2. IMAXES E PALABRAS. Nesta segunda sesión tenderanse pontes entre a comunicación verbal e a comunicación visual, a fin de favorecer un diálogo entre as dúas linguaxes. Propoñeranse actividades que percorran este camiño en todas as direccións posíbeis: dende a creación de textos a partir de imaxes en distintos soportes (pintura, fotografía...) ata a creación de imaxes a partir de textos escritos.

3. CONTAR HISTORIAS. A finalidade da terceira sesión é presentarlles aos rapaces e rapazas algunhas técnicas narrativas básicas a fin de que sexan capaces de recoñecer a narratividade de relatos literarios (contos, novelas, diarios...) ou e non literarios (anuncios televisivos, crónicas xornalísticas...) Ademais, estimularase a súa propia capacidade de relatar ficcións e de compartilas oralmente ou por escrito.

4. LER E ENTENDER. Tomando como eixe para o traballo un conxunto de textos previamente escollidos, esta sesión tentará propiciar a lectura reflexiva, con axuda dalgunhas preguntas que lles serán formuladas aos rapaces e rapazas e das sesións de diálogo colectivo a partir da lectura dos fragmentos achegados.

5. MÚSICA E POESÍA. Na quinta sesión presentaremos as múltiples relacións entre os textos literarios e a música a través de prácticas como a escoita comprensiva de letras de cancións ou

a escrita de textos a partir de distintas pezas musicais. Ademais, exploraremos o fundamento auditivo das manifestacións literarias, deténdonos particularmente na linguaxe poética.

6. A VOZ DOS TEXTOS. Neste caso preténdese mostrar o potencial representable dos textos literarios, promovendo entre os rapaces e rapazas actividades de dramatización e lectura en voz alta que lles permitan localizar as voces presentes nos textos escritos. Dende o punto de vista da práctica literaria, fomentárase a elaboración de pezas onde apareza máis dunha voz, así como a creación conxunta dun mesmo texto.

7. POSTA EN COMÚN. A última sesión dedicárase á síntese e posta en común das actividades levadas a cabo ata o momento. Ademais de facer unha valoración conxunta do aprendido ao longo do curso, os rapaces e rapazas elaborarán na aula unha actividade final que lles permita dar forma ao aprendido e expoñelo diante dos compañeiros e compañeiras.